- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

2.1-. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA DO CONCELLO DE MEIRA DERIVADA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2024.

2.1.1.- Estabilidade Orzamentaria.

Ingresos: Capítulos do 1 ao 7	(+) 2.564.111,12 €
Gastos: Capítulos do 1 ao 7	(-) 3.040.271,26 €
Axustes capítulos 1 a 3 de ingresos	(+) 56.743,18 €
Axustes conta 413	(+) 176.956,51 €
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	242.460,45 €

2.1.2.- Regra do Gasto.

Límite da Regra de Gasto liquidación 2024	IMPORTES (€)
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	3.036.025,19 €
2. Axustes SEC (2024)	0,00
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto xuros débeda (1+/-2)	3.036.025,19 €
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) 401.962,80 €. - UE: 0,00 - Estado: 0,00 - Comunidade Autónoma: (-) 184.093,80 €. - Deputación: (-) 217.869,00 €. - Outras AA.PP.: 0,00	(-) 401.962,80 €
Total Gasto Computable 2024	2.634.062,39 €
6. Total Gasto computable liquidación do exercicio 2023	2.523.592,22 €
7. TaXa de variación do gasto computable (6 x2,6%)	2.589.205,62 €
8. Incrementos de recadación (2024) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2024) (-)	0,00
9. Límite da Regra de Gasto 2024 = (7+8-9)	2.589.205,62 €
10. Exceso/incumprimento da regra do gasto (9-10)	44.856,77 €

2.1.3.- Nivel de endebedamento 2024.

5.1) Cálculo do Aforro Neto.

O aforro neto e acordo co disposto no artigo 53.1) da Lei de facendas locais calcúlase do seguinte xeito:

- Dereitos Liquidados (cap. 1 a 5)= 2.167.522,09 €.
- (-) Obrigas Recoñecidas (cap. 1, 2 e 4)= 2.384.908,25 €.

- **Aforro Bruto: (-) 217.386,16 €.**
- (-) Anualidade Teórica de Amortización= 0,00 €.
- **Aforro Neto= (-) 217.386,16 €.**

5.2) Cálculo volume débeda.

- Nivel de débeda viva: 163.908,30 €.

Isto resulta da suma dos seguintes pasivos:

- a) Préstamo Banco Popular (plan de pago a provedores 2012): 0,00 €.
- b) Conta de crédito a curto prazo con Caixa Rural número 6924, capital disposto: 112.431,65 €.
- c) Conta de crédito a curto prazo con Caixa Rural número 4022, capital disposto: 51.476,65 €.

- Ingresos liquidados por operación correntes: 2.167.522,09 €.

- % sobre que representa: 7,56 %.

O límite establecido para as entidades locais no tocante ao nivel de endebedamento sitúase no 75% dos ingresos liquidados por operacións correntes tal e como dispón o artigo 52 da Lei de facendas locais.

2.2.- CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DA REGRA DO GASTO.

a) DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS.

No ano 2024 o Concello de Meira obtivo uns dereitos recoñecidos netos por valor de 2.564.111,12 €, fronte aos 2.810.723,55 € do ano anterior. É dicir, obsérvase unha perda de recadación e que analizando as principais figuras tributarias se centra nunha menor recadación nas taxas pola prestación do servizo de auga potable e pola de evacuación de augas residuais. Neste sentido, pode observarse como o principal suxeito pasivo, a fábrica de leite do Polígono Industrial de Meira, reduciu o seu consumo de auga, posiblemente por acadar o subministro de auga potable con medios propios a través de pozos das súas parcelas.

Por outra parte, detectouse unha serie de persoas que se atopan conectadas ás redes municipais, xa que se observa un lixeiro incremento da poboación, pero non dos suxeitos tributarios nas taxas, e que non se atopan incorporadas aos padróns municipais, coa conseguinte repercusión en que provocan máis gastos pero non se ve compensada na parte dos ingresos.

Por outro lado, no IBI tamén se observa unha perda de recadación. Neste caso, trátase dunha figura tributaria xestionada pola Deputación Provincial de Ourense e sobre a cal se analizarán as causas da perda de recadación xa que non se produciu unha alteración na ponencia de valores nin do tipo de gravame.

ANÁLISE DE INGRESOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2023	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2024
IBI RÚSTICA	25.874,83 €	23.610,69 €
IBI URBANA	429.666,36 €	402.685,44 €
IVTM	76.791,46 €	82.239,49 €
IAE	94.302,92 €	90.632,61
ICIO	23.272,41 €	21.622,39 €
TAXA AUGA	63.534,00 €	31.167,60 €
TAXA ALCANTARILLADO	120.418,80 €	78.173,75 €
TAXA LIXO	66.542,00 €	44.395,00 €
LICENZAS URBANÍSTICAS	11.792,06 €	8.339,85 €

b) OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS.

As obrigas recoñecidas polo Concello no ano 2024 acadaron un total de 3.040.271,26 €, mentres que no exercicio 2023 se situaron nos 2.554.372,07 €. Trátase dun incremento considerable no volume de gasto que non se viu acompañado dun incremento nos ingresos.

ANÁLISE DE GASTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2023	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS 2024
GASTOS DE PERSOAL	678.677,56 €	661.236,08 €
GASTOS CORRENTES DE BENS E SERVIZOS	1.168.083,46 €	1.534.690,85 €
GASTOS FINANXEIROS	3.556,01 €	4.246,07 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES	41.097,27 €	87.198,63 €
INVESTIMENTOS REAIS	632.329,60 €	651.116,94 €
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0 €	0 €
ACTIVOS FINANXEIROS	0 €	0 €
PASIVOS FINANXEIROS	30.628,16 €	0 €

Na maioría dos capítulos obsérvase un lixeiro incremento no nivel de gasto no exercicio 2024 respecto ao 2023 e que é froito da propia evolución temporal do gasto nun contexto de incremento de prezos que se vén moderando en comparación ao ocorrido no período 2021-2023.

Sen embargo, no capítulo 2, gastos correntes de bens e servizos, si se produce un forte incremento e que se sitúa nun 31,83 %. Aquí sen dúbida, está a clave do desequilibrio producido no exercicio 2024. Os gastos en subministro e servizos provocados na área de servizos públicos básicos son a causa desta situación, especialmente os relativos aos grupos 160, 161 e 162 da clasificación por programas establecidos na Orde do Ministerio de Economía e Facenda 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.

As continuas avarías de auga sufridas na rede de abastecemento, as actuacións relativas á reposición dos servizos, a dotación de novos servizos na rede de abastecemento e a obriga de ter que solucionar problemas puntuais na mesma, implicaron unha parte importante do incremento no gasto. A maiores, o Concello de Meira conta cunha depuradora que data dos anos 90 e que nestes momentos non conta a pesar das melloras técnicas que se efectúan na mesma periodicamente, coa tecnoloxía e medios para tratar as augas que chegan á mesma. Na mesma, son continuas as avarías e iso implica ter que asumir con fondos propios todas esas incidencias.

Tamén, o tratamento dos lodos conleva que todos os meses se teñan que asumir gastos polo traslado dos mesmos. Deste xeito, no capítulo 2 do programa de alcantarillao os gastos no ano 2024 situáronse nos 189.307,63 € e no de abastecemento de auga nos 260.352,23 €, cifras moi por encima das que se tiñan orzamentadas.

Por outro lado, o forte incremento no prezo do tratamento do lixo recollido polo Concello de Meira por parte de SOGAMA, disparou os gastos do capítulo 2 destinado a este fin, acadando a cifra dos 141.400,34 € no ano 2024.

En definitiva, os gastos sufriron un importante incremento no capítulo 2 mentres que os ingresos deses programas non só non incrementaron, senón que se viron reducidos, xerando un desequilibrio que conlevou a que se incumpriran tanto a estabilidade orzamentaria como a regra de gasto.

c) REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Esta magnitude presentou os seguintes datos nas últimas liquidacións orzamentarias presentadas:

2022	2023	2024
(+) 94.578,05 €	(+) 258.643,73 €	(-) 32.958,50 €

Este feito, e de acordo co disposto no art. 193 da Lei das facendas locais implicou que para sanear o remanente de tesourería negativo, o Concello de Meira teña previsto aprobar o orzamento do ano 2025 con superávit.

O artigo 32 da LOEPSF determina que o superávit orzamentario da liquidación do orzamento débese destinar a reducir o nivel de endebedamento, aínda que a súa disposición adicional sexta establece as regras especiais para o destino do citado superávit.

A citada disposición adicional sexta da LOEPSF establece a posibilidade de destinar o superávit a investimentos financeiramente sostible baixo certas condicións entre elas, que:

- Deberanse destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

- Pero para iso, débense dar polo menos dúas circunstancias:

- A existencia de superávit orzamentaria na liquidación.

- Que para o exercicio 2025 se habilite a regra especial da disposición adicional sexta por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou unha disposición normativa con rango de lei que a habilite, xa que de conformidade co apartado 5 da citada disposición adicional sexta requírese a prórroga do prazo para a súa aplicación.

Cumprido este requisito, a Entidade Local, pode destinar o resto do remanente a financiar expedientes de crédito extraordinarios, suplemento de crédito ou incorporación de remanentes. Aínda que, cando financia novos gastos dos capítulos 1 a 7 deberase considerar os seus efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto no exercicio inmediatamente posterior ao que se utiliza.

O remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro que, financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, posto que, xera inestabilidade orzamentaria no momento de executar a propia modificación orzamentaria.

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados de forma tal, que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo.

No ano 2024, o Concello de Meira, e considerando a suspensión das regras fiscais, utilizou o remanente de tesourería para o financiamento de gastos xerais na contía de 182.000,00 €. Este feito implica de por sí, xerar inestabilidade orzamentaria neste importe.

2.3.- PREVISIÓNS TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTOS.

O obxectivo deste plan económico-financeiro é lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto nos anos 2019 e 2020, de acordo co artigo 21.1 LOEPSF cando establece literalmente que:

“En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto (...)”.

Para realizar un diagnóstico da situación actual, expóñense as magnitudes orzamentarias e económicas máis significativas dos tres últimos exercicios liquidados, a través das cales se pon de manifesto a situación orzamentaria e económico financeira actual deste Concello:

Evolución dos gastos (Obrigas recoñecidas netas do Concello de Meira no período 2022-2024):

DENOMINACIÓN	ORN 2022	ORN 2023	ORN 2024
Gastos Correntes	1.732.199,15 €	1.891.414,31 €	2.389.154,32 €
Gastos de Capital	622.025,51 €	632.329,60 €	651.116,94 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	2.354.224,66 €	2.523.743,91 €	3.040.271,26 €
activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
pasivos financeiros	61.256,28 €	€	0,00 €
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	61.256,58 €	30.628,16 €	0,00 €
Gasto Total	2.415.481,24 €	2.554.372,07 €	3.040.271,26 €

Tal e como se sinalou anteriormente, obsérvase un incremento progresivo nos últimos exercicios como resultado de asumir a prestación de novos servizos municipais.

A realización de novos investimentos por parte do concello no exercicio 2018 fixo que os gastos de capital experimentaran un forte crecemento respecto ao ano anterior.

Trátase de investimentos puntuais que non teñen un efecto no gasto público de carácter estrutural senón na propia coxuntura do exercicio no que se produciron.

Evolución dos ingresos (Ingresos recoñecidos netas do Concello de Meira no período 2022-2024):

DENOMINACIÓN	DRN 2022	DRN 2023	DRN 2024
Ingresos Correntes	1.844.347,42 €	2.056.907,23 €	2.167.522,09 €
Ingresos de Capital	388.926,57 €	753.816,31 €	396.589,03 €
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	2.233.273,99 €	2.810.723,55 €	2.564.111,72 €
activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00€	0,00 €
Ingreso Total	2.233.273,99 €	2.810.723,55 €	2.564.111,72 €

MAGNITUDES ORZAMENTARIAS:

Datos en €	2022	2023	2024
RESULTADO PRESUPUESTARIO	(+) 274.166,30 €	(+) 159.057,05 €	(-) 131.331,39 €
NIVEL ENDEBEDAMENTO	199.369,97 €	63.495,09 €	163.908,30 €
ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	(-) 206.237,88 €	(+) 231.485,75 €	(-) 242.460,45 €
GASTO COMPUTABLE (límite regra de gasto)	2.363.433,298 €	2.523.592,22 €	2.589.205,62 €

Período medio de pagamento a provedores.

En canto á análise da débeda comercial sinalar que o período medio de pagamento presentou no ano 2023 os seguintes datos:

- 1º Trimestre: 45,39 días.
- 2º Trimestre: 44,98 días.
- 3º Trimestre: 47,02 días.
- 4º Trimestre: 71,96 días.

En canto á análise da débeda comercial sinalar que o período medio de pagamento presentou no ano 2024 os seguintes datos:

- 1º Trimestre: 86,79 días.
- 2º Trimestre: 40,35 días.
- 3º Trimestre: 41,79 días.
- 4º Trimestre: 43,84 días.

Un dos elementos que provocou a existencia dun menor nivel na tesourería municipal en comparación co exercicio anterior foi o esforzo do Concello de Meira en efectuar os pagamentos acordo co disposto na normativa de pago a provedores para poder cumprir co prazo máximo previsto e non exceder dos trinta (30) días establecidos.

Non obstante, esta Administración seguirá facendo os esforzos necesarios para que a débeda comercial sexa pagada dentro do prazo máximo fixado pola normativa sobre morosidade comercial.

Tendo en conta a situación da que parte o Concello de Meira e tendo en conta o principio de prudencia á hora de estimar os dereitos e obrigas recoñecidas netos, fórmulanse as seguintes previsións tendenciais de ingresos e gastos por capítulos para os anos 202 e 2026, que son os anos de vixencia deste plan.

EVOLUCIÓN PREVISTA PARA DOS INGRESOS (dereitos recoñecidos netos a 31/12):

ESTADO DE INGRESOS (datos en €)	DRN estimados 2025	DRN estimados 2026
1. Impostos directos	661.000,00	661.000,00
2. Impostos indirectos	25.000,00	25.000,00
3. Taxas e outros ingresos	413.000,00	420.000,00
4. Transferencias correntes	957.000,00	985.000,00
5. Ingresos patrimoniais	1.000,00	6.000,00
Total ingresos correntes	2.057.000,00	2.097.000,00
6. Alleamento invest. Reais	0,00	0,00
7. Transferencias de capital	600.000,00	600.000,00
Total ingresos de capital	600.000,00	600.000,00
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	2.657.000,00	2.697.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	0,00	0,00
TOTAL	2.657.000,00	2.697.000,00

EVOLUCIÓN PREVISTA PARA DOS GASTOS (obrigas recoñecidas netas a 31/12):

ESTADO DE GASTOS (datos en €)	ORN estimadas 2025	ORN estimadas 2026
1. Gastos de Persoal	750.000,00	760.000,00
2. Bens e servizos correntes	1.030.000,00	1.130.000,00
3. Gastos financeiros	5.000,00	5.000,00
4. Transferencias correntes	205.350,00	120.000,00
Total gastos correntes	1.990.350,00	2.015.000,00
6. Inversións reais	600.000,00	600.000,00
7. Transferencias de capital	0,00	0,00
Total gastos de capital	600.000,00	600.000,00
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	2.590.350,00	2.615.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	0,00	0,00
TOTAL	2.590.350,00	2.615.000,00

Estas estimacións tomaron como punto de partida as liquidacións dos anos 2022, 2023 e 2024 e os compromisos do Concello nas prestación de servizos públicos básicos acordo ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. Tense en conta o feito de que nos últimos anos se asumía parte do financiamento da construción e posta en marcha da Residencia da Terceira Idade "Santa María de Meira" e que neste ano supón asumir uns compromisos de gasto por importe de 146.200,00 €, e que corresponden ás achegas correspondentes ao convenio subscrito coa Deputación de Lugo para o financiamento do funcionamento da mesma.

INGRESOS:

Efectuáronse estimacións a partir das medidas do grado de execución dos anos 2022 a 2024.

Así, na elaboración das previsións iniciais do capítulo 1, concretamente do imposto sobre bens inmobles urbanos e noutros impostos directos nos que non se prevé un incremento da recadación xa que as ordenanzas fiscais non se teñen previsto modificar.

Si é posible que co desbloqueo que a xustiza europea acaba de realizar recentemente dos diversos plan eólicos que hai en tramitación, se poidan levar a cabo a construción do que afecta ao Concello de Meira. Isto podería supoñer un incremento do ingresos en concepto de ICIO e taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, aspectos que mellorarían no exercicio que se devenguen, a estabilidade orzamentaria.

Prevese introducir algún tipo de bonificación nos vehículos que teñan motores ou consuman carburante e minimicen o impacto no medio ambiente.

Tamén se está a levar a cabo unha revisión dos padróns fiscais e unha profunda investigación dos suxeitos tributarios que están conectados aos servizos municipais para non tributar por elo.

No ano 2024 levouse a cabo a modificación da ordenanza fiscal pola recollida de lixo, cunha subida das mesmas xa que co incremento do que se paga a SOGAMA, a brecha entre os ingresos e gastos supón un forte desembolso para as arcas municipais.

Durante o ano 2025, vaise a levar a cabo unha subida nas tarifas do prezo público dos servizos que se prestan na Escola Municipal de Música do Concello de Meira, para poder mellorar a suficiencia do servizo que se presta.

A maiores, o Concello de Meira e a Deputación de Lugo teñen previsto subscribir un convenio de colaboración a través do cal a institución provincial realiza unha achega de 475.000,00 € para realizar a prestación de servizos básicos e distintas reposicións de servizos vinculadas á prestación de competencias municipais tales como a pavimentación de camiños, prestación de servizos sociais, abastecemento de auga potable e rede de sumidoiros.

GASTOS:

No apartado de gastos, as previsións para os anos 2025 e 2026 teñen en conta os posibles incrementos que se produzan no capítulo 1 e relativo aos gastos de persoal debido á actualización salarial que se produza polas leis de orzamentos xerais do estado.

No capítulo 2 tívose en conta as distintas necesidades de gasto dos distintos servizos públicos. Este capítulo supón a maioría dos gastos do concello e no que se ten que producir unha especial optimización para poder cumprir coas regras fiscais nos exercicios vindeiros.

O nivel de investimentos vense situando nos últimos anos en algo máis dos 600.000,00 €, nivel que se considera poderá igualarse nos vindeiros dous anos. Principalmente, trátase de actuacións financiadas co Plan Único da Deputación Provincial de Lugo (sobre 230.000,00 €) e o programa Plan Camiña e Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia.

Tamén se tivo en conta o grado de execución dos gastos nos capítulos 1 ao 6 dos exercicios 2022 a 2024. Non se prevé a realizar gastos en transferencias de capital (capítulo 7) nos anos 2025 e 2026.

Por outro lado prevese que os gastos correntes e dos investimentos reais levados a cabo con fondos propios suban lixeiramente no período 2025-2026 e sempre acordo á capacidade para afrontar ditos gastos cos incrementos na recadación efectiva.

Non se prevén operacións de endebedamento, máis aló das dúas operacións de crédito a curto prazo que se empregan para cubrir os desfases entre os cobros/pagos que se producen na tesourería municipal.

2.4.- DESCRICIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS NO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO.

A situación económico financeira do Concello de Meira presenta un nivel de insuficiencia fiscal debido en parte a que se prestan servizos a unha poboación que demanda servizos municipais e que en moitos casos abranguen máis alá do termo municipal ao ser cabeceira de comarca. No último ano, este feito mostrouse de forma clara xa que o concello desde 2015 non modificou os tipos de gravame das figuras tributarias mentres que o nivel de gasto se disparou. So o servizo de axuda no fogar, que no ano 2016 supoñía uns compromisos de gasto duns 25.000,00 €, hoxe supón uns 460.000,00 € e coa prestación dunhas 22.000 horas. Se en 2016, se adxudicaba a prestación do servizo por 13,50 €/hora, no 2024 fíxose por 20,80 €/hora. Isto supón un forte desembolso para o concello que non se ve compensado na parte dos ingresos.

Non obstante, o Concello de Meira está a conseguir financiamento da Deputación de Lugo para prestar este tipo de servizos con convenios bilaterais que evitan ter que subir as principais figuras tributarias.

No ano 2024 produciuse a conxunción de certas variables que levaron a esta situación puntual e conxuntural propia da dinámica do exercicio, pero o concello está a facer esforzos por cumprir con puntualidade os seus compromisos de pagamento da débeda comercial e financeira.

A medida máis efectiva que pretende implantar o concellos a maiores das sinaladas anteriormente, será a racionalización dos gastos e a optimización dos ingresos intentando axustarse aos créditos orzamentados.

Estase a traballar nun convenio que permita un forte investimento na EADR municipal e con elo poder minimizar o impacto que ten nos orzamentos as continuas avarías e incidencias.

En relación ao contido adicional que o artigo 116 bis na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) que vén a fixar para o plan económico financeiro, non se considera necesario adoptar ningunha das medidas indicadas no apartado 2 dese artigo posto que, como se indicou antes, a situación económica deste concello non presenta ningún problema estrutural e resulta suficiente a medida explicada no parágrafo anterior.

2.5.- PREVISIÓN DE EVOLUCIÓN DAS VARIABLES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS.

Tendo en conta as previsións tendenciais de ingresos e gastos expostas no apartado 2.4) prevese a seguinte evolución das principais magnitudes orzamentarias para os anos 2025 e 2026:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	2025	2026
a) Ingresos non financeiros	2.657.000,00 €	2.697.000,00 €
b) Gastos non financeiros	2.590.350,00 €	2.615.000,00 €
c) Capacidade/Necesidade fin. sen axustes (a-b)	(+) 66.650,00 €	(+) 82.000,00 €

REGRA DE GASTO	2025	2026
a) Gasto computable liquidación exercicio anterior	2.634.062,39 €	2.657.000,00 €
b) Taxa referencia	3,20%	3,30%
c) Aumentos e diminucións (art.12.4 LOEPSF)	0,00 €	0,00 €
d) Límite regra de gasto (a x (1+b)+/-c)	2.718.352,38 €	2.744.681,00 €
e) Gasto computable do exercicio	2.657.000,00 €	2.697.000,00 €
Cumprimento da regra de gasto	61.352,38 €	47.681,00 €

2.6.- ANÁLISE DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ALTERNATIVOS.

As previsións anteriores veñen analizadas tendo en conta a normal execución do orzamento do Concello de Meira.

Non obstante, podería darse o caso de que os ingresos foran menos dos previstos, os gastos maiores dos estimados ou a conxunción das dúas variables.

Ante unha baixada dos ingresos, o Concello axustaría o nivel de gasto público.

No caso dun incremento dos gastos por causas non previstas, tentaríase minimizar os seu impacto coa finalidade de conseguir o equilibrio orzamentario.

CONCLUSIÓNS:

Acordo aos datos expostos a situación puntual de incumprimento dos obxectivos da regra do gasto e da estabilidade orzamentaria no ano 2024, os criterios de valoración das magnitudes analizadas e as estimacións previstas para os dous próximos exercicios pódense extraer as seguintes conclusións:

Primeira.- O Concello de Meira ten previsto dada a execución do presente orzamento para o ano 2025 acadar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e nivel de endebedamento.

Segunda.- As medidas propostas consisten na eficiencia na xestión optimizando os recursos e cunha subida de certas taxas como a do prezo público pola prestación do servizo da escola de música. A maiores, o Concello de Meira ten previsto ingresar mediante un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para distintas inversións e reposición de infraestruturas 475.000,00 € durante o ano 2025.

Terceiro.- Trátase dunha situación puntual e na que en ningún caso está comprometida a situación económico-financiera do Concello de Meira, que cumpre coas súas obrigas en tempo e forma.

Cuarto.- Non se prevé a adopción de medidas adicionais ás xa descritas nos distintos apartados deste Plan Económico-Financeiro."

Meira, 3 de novembro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANÓN DA AUGA DO 5º BIMESTRE 2025 (SETEMBRO-OUTUBRO) E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 27.10.2025 aprobáronse o listado cobratoiros da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga 5º bimestre 2025 (setembro-outubro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canón da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 06.11.2025 ata o 07.01.2026.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 28 de outubro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3057

Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 27.10.2025, o expediente de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras de:

- ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO
- ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO
- ORDENANZA NO FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NO TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN
- ORDENANZA NO FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NO TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA
- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS DAS ENSINANZAS PRESTADAS NO CONSERVATORIO “MESTRE IBAÑEZ” E ESCOLA MUSICAL DE MUSICA E DANZA
- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRUAS E RESERVA DE ESPAZO NA VIA PUBLICA PARA APARCAMENTOS EXCLUSIVOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 29 de outubro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3058

OUTEIRO DE REI

Anuncio

D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, dispoño a publicación da Ordenanza reguladora do Viveiro de empresas do Concello de Outeiro de Rei, logo de ser aprobada provisionalmente en sesión de 26 de xuño de 2025 e definitivamente en sesión de 25 de setembro de 2025.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica.

“ORDENANZA REGULADORA

VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR: DO VIVEIRO DE EMPRESAS

Artigo 1. – Definición

Artigo 2. – Obxecto

Artigo 3. – Localización

Artigo 4. – Prestación de servizos

Artigo 5. – Autorizacións

TÍTULO PRIMEIRO: DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Artigo 6. – Solicitante

Artigo 7. – Beneficiario/a

Artigo 8. – Obrigas do/a beneficiario/a

Artigo 9. – Prohibicións

TÍTULO SEGUNDO: DO PROCEDEMENTO

CAPÍTULO I: da difusión e información

Artigo 10. – Punto de información

CAPÍTULO II: da convocatoria

Artigo 11. – Convocatoria

CAPÍTULO III: da solicitude, presentación, avaliación de solicitudes e resolución**Artigo 12. – Solicitude****Artigo 13. – Presentación da solicitude****Artigo 14. – Avaliación de solicitudes****Artigo 15. – Proposta e resolución****CAPÍTULO IV: da lista de agarda****Artigo 16. – Lista de espera****CAPÍTULO V: da formalización****Artigo 17. – Natureza do título habilitante****Artigo 18. – Formalización****Artigo 19.- Ocupación****Artigo 20.- Duración****Artigo 21.- Traslados e ampliación do número de locais****Artigo 22.- Modificacións nas inscricións****Artigo 23. – Renuncia ou finalización do período de vixencia de adxudicacións****CAPÍTULO VI: da resolución da autorización****Artigo 24. – Resolución da autorización****Artigo 25. – Extinción da autorización e recuperación posesoria****TÍTULO TERCEIRO: NORMAS DE RÉXIME INTERNO DO VIVEIRO DE EMPRESAS****Artigo 26. – Utilización dos locais****Artigo 27. – Responsabilidade por danos****TÍTULO CUARTO: RÉXIME SANCIONADOR****CAPÍTULO I: Disposicións xerais****Artigo 28. – Disposicións xerais****Artigo 29. – Potestade sancionadora****Artigo 30. – Prescrición****CAPÍTULO II: das infraccións****Artigo 31. – Infraccións****CAPÍTULO III: das sancións****Artigo 32. – Sancións****Artigo 33. – Órganos sancionadores****TÍTULO QUINTO: RÉXIME ECONÓMICO****Artigo 34. – Financiamento e réxime de aportacións****Artigo 35. – Demora no pago do prezo público****DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA****DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA****DISPOSICIÓN FINAL****ANEXO I - SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO VIVEIRO DE EMPRESAS DE OUTEIRO DE REI****ANEXO II - MEMORIA DO PROXECTO EMPRESARIAL****ANEXO III - ANÁLISE DO PROXECTO EMPRESARIAL****ANEXO IV – AVALIACIÓN FINAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, facultan aos Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, en concreto, o artigo 80.2, da Lei 5/1997 no apartado p) amplía o exercicio de competencias municipais nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de participación na formación de activos desempregados declarando, así mesmo, no artigo 86.f) da mesma normal a potestade municipal para o exercicio de actividades complementarias das propias doutras administracións públicas en materia de ocupación e loita contra o desemprego.

No exercicio destas competencias, o Concello de Outeiro de Rei considerou de interese social a creación no ano 2017 dun viveiro industrial co obxectivo de atraer novas empresas, fomentar o emprendemento local e dinamizar o tecido empresarial do municipio. Este proxecto materializouse mediante a habilitación de naves no polígono industrial e a prestación de servizos de asesoramento e formación ás persoas emprendedoras interesadas.

En concreto, o viveiro creouse ao amparo das bases de subvencións autonómicas (procedemento IN541A), que definen o viveiro industrial como un espazo físico para o nacemento e consolidación de empresas industriais, con servizos de asesoramento e ocupación limitada no tempo. Deste xeito, esta nova infraestrutura municipal pasaba a formar parte da Rede de Viveiros Industriais de Galicia e baixo dito marco acolleu desde a súa posta en funcionamento varios proxectos de nova creación e de carácter industrial, que contribuíron á creación de emprego e á diversificación económica do municipio.

O Concello, como titular das instalacións, estaba obrigado a manter ditos servizos durante a vixencia dos compromisos inherentes á subvención acadada. Sen embargo, pasado dito período, o Concello de Outeiro de Rei considera de interese adaptar tanto o modelo de viveiro como a normativa que o regula á evolución do tecido empresarial, á experiencia acumulada na xestión do viveiro e ás novas demandas dos emprendedores, abrindo a porta a un modelo de viveiro empresarial máis flexible e orientado á realidade socioeconómica actual de Outeiro de Rei.

Deste xeito, as instalacións pasarían a operar como Viveiro de Empresas configurándose así como unha iniciativa chave que contribuirá a que o Concello poida cumprir co obxectivo xeral de apoio e fomento do desenvolvemento económico local, facilitando a superación da etapa de risco inicial de empresas de nova ou recente creación e a súa integración no contexto económico local.

En atención a todo iso, e no exercicio das potestades regulamentarias, de autoorganización e de programación conferidas polo artigo 4.a) da Lei 7/1985 e 6 da Lei 5/97, anteriormente referidas, dítase a presente Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei.

TÍTULO PRELIMINAR DO VIVEIRO DE EMPRESAS

Artigo 1. – Definición

O Viveiro de Empresas é un servizo municipal regulado por esta ordenanza que se configura como de carácter público, polivalente e que pode ser complementario doutros servizos ou elementos de apoio, protección e desenvolvemento da actividade económica local, que o propio Concello de Outeiro de Rei, ou outra institución pública ou privada, veña prestando, por si só ou en colaboración con terceiros, e que persegue promover o desenvolvemento económico local a través do apoio e fomento de novas ou recentes iniciativas empresariais no ámbito xeográfico do municipio, co consecuente efecto positivo sobre a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo no municipio.

Artigo 2. – Obxecto

O Viveiro de Empresas concíbese como un servizo que ten por obxecto facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas que pola súa viabilidade poidan contribuír en termos económicos, comerciais, de emprego, etc., ao desenvolvemento do tecido empresarial do municipio e que persegue, entre outros, os seguintes fins:

- Apoiar a superación da etapa de risco inicial da empresa asegurando a súa implantación definitiva no contexto económico local.
- Facilitar a consolidación dos proxectos situados no Viveiro de Empresas ao proporcionar tanto o espazo como servizos asociados.
- Facilitar, na medida do posible, a integración coa contorna e axentes socioeconómicos mediante a organización de encontros e contactos con outras experiencias empresariais máis aló do propio ámbito local.

Para iso, o Concello de Outeiro de Rei regulará o acceso das empresas aos espazos situados no Viveiro de Empresas baixo as condicións establecidas na presente ordenanza.

Artigo 3. – Localización

O Viveiro de Empresas localízase no Parque Empresarial de Outeiro de Rei, Rúa do Acivro, 2 – 27150 Outeiro de Rei (Lugo).

As instalacións participan do carácter de ben de dominio público destinado a servizo público de acordo co disposto no artigo 5.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, art. 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e artigo 4, do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

As instalacións contan cos seguintes espazos:

Naves:

- Nave 1 131,56 m²
- Nave 2 126,75 m²
- Nave 3 126,75 m²
- Nave 4 65,78 m²

Zonas comúns:

- Vestiario accesible 7,28 m²
- Aseo accesible 5,14 m²
- Vestíbulo 20,38 m²
- Vestiario masculino 20,34 m²
- Vestiario feminino 20,34 m²
- Oficina⁽¹⁾ 11,92 m²
- Sala de reunión⁽²⁾ 23,88 m²

⁽¹⁾ *Despacho de uso do Concello que poderá ser utilizado polas persoas usuarias atendendo a dispoñibilidade e segundo as normas de uso do viveiro.*

⁽²⁾ *Espazo que poderá ser utilizado como sala de reunións, sala de prensa ou aula de formación.*

O Concello de Outeiro de Rei poderá habilitar con carácter sobrevivendo novos espazos e servizos dispoñibles, ou mesmo subdividir os espazos actuais co propósito de habilitar máis locais.

Como titular do Viveiro de Empresas, correspóndelle ao Concello de Outeiro de Rei a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento de todos os servizos nel ofertados. Para iso, e en desenvolvemento da presente ordenanza, dítanse as instrucións que sexan necesarias para a súa boa orde e funcionamento.

Artigo 4. – Prestación de servizos

Os servizos que se prestarán no Viveiro de Empresas serán:

- Cesión de espazos individuais do Viveiro de Empresas para ser usados como locais polas empresas que resulten seleccionadas segundo o procedemento definido na presente ordenanza.
- Cesión de espazos comúns do Viveiro de Empresas para o seu uso como salas de formación ou de reunión, para o que se poderá redactar un regulamento interno de funcionamento que regulará o sistema e forma de acceso a este tipo de instalacións.
- Subministración de auga potable, evacuación de augas residuais, recollida selectiva de lixo (excepto recollida de residuos especiais que será contratado, cando proceda, por cada empresario/a). Os servizos de enerxía eléctrica, teléfono ou internet serán contratados e por conta de quen os utilice; non obstante, o Concello pon a disposición das empresas adxudicatarias a posibilidade de conectarse a internet a través de wifi que de estimarse que non resulta suficiente para as necesidades da actividade, deberá ser contratado por conta da empresa adxudicataria para o seu beneficio.
- Sen menoscabo dos servizos comúns anteriormente contemplados, as empresas instaladas no Viveiro de Empresas poderán establecer, xa sexa todas ou parte delas, os acordos de colaboración mutua ou de cooperación naqueles servizos compartidos que estimen necesarios para o seu óptimo rendemento empresarial, sendo neste caso enteiramente asumidos por elas o custo dos devanditos servizos e necesitando como requisito a comunicación cunha antelación mínima de 30 días ante o Concello de Outeiro de Rei, que terá que dar a súa conformidade ao mencionado acordo.

Artigo 5. – Autorizacións

Os espazos e servizos ofertados no Viveiro de Empresas utilizaranse e aproveitaranse baixo a sinatura de convenios de cesión de uso de local que se asinarán con aqueles proxectos empresariais que, logo do proceso de avaliación e valoración definido na presente Ordenanza, resulten beneficiarios.

TÍTULO PRIMEIRO**DOS/AS BENEFICIARIOS/AS****Artigo 6. – Solicitante**

Poderán solicitar a súa participación no procedemento de selección de acceso aos espazos ofrecidos no Viveiro de Empresas aqueles novos proxectos empresariais ou de recente creación emprendidos no ámbito do Concello de Outeiro de Rei, de xeito individual ou a través de empresas consideradas PEMES (conforme a definición establecida na Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea, versión de 6 de maio de 2003), independentemente do sector de actividade e da súa forma xurídica sempre que non sexa unha das actividades excluídas que figuran no artigo seguinte.

En ningún caso, poderán obter a condición de beneficiario/a os/as persoas ou entidades, en quen concorra as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou nas súas respectivas normativas de desenvolvemento.

Artigo 7. – Beneficiarios/as

Poderá ser beneficiario/a calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial ou de recente creación, habilitadas legalmente para o exercicio das funcións que nel se conteñan e que sexa seleccionado pola súa viabilidade económica, técnica e financeira, e cando ademais cumpran os seguintes requisitos:

- a) Empresas non constituídas: disporán dun prazo de 12 meses desde a data de notificación da resolución de adxudicación do espazo concedido para a súa constitución e comezo da actividade.
- b) Empresas constituídas: poderán acceder sempre que estean en fase de recente creación (inferior a 12 meses con respecto á data da solicitude realizada). Para a consideración de empresa de recente creación tomarase, no caso de sociedades, a data de outorgamento da escritura de constitución por parte do correspondente notario e, para o caso de persoas físicas, a data de alta no Réxime Especial dos traballadores Autónomos. Prestarase especial atención na verificación da antigüidade do negocio declarada.
- c) Domicilio social e fiscal: terán que ter domicilio social e fiscal en Outeiro de Rei; no caso de empresas non constituídas ou domiciliadas fóra de Outeiro de Rei terán un prazo de 3 meses desde a data da notificación da resolución da adxudicación para domiciliarse en Outeiro de Rei.
- d) Viabilidade: deberán presentar un proxecto que garanta a súa viabilidade técnica e económica xunto coa solicitude de admisión.
- e) Actividades excluídas: excluíranse aquelas actividades que xeren externalidades que prexudiquen o desenvolvemento normal do Viveiro Empresarial e a convivencia no mesmo de conformidade ao establecido no Regulamento de Réxime Interno. A xustificación das causas da exclusión por este concepto recolleranse por escrito no informe da Comisión Técnica do Viveiro Empresarial do Concello de Outeiro de Rei. Así pois, quedan excluídas todas aquelas actividades que prexudiquen o medio ambiente ou a contorna local, en concreto as seguintes:
 - Actividades non admitidas polas ordenanzas municipais.
 - Actividades que poidan considerarse perigosas, insalubres, nocivas ou que puidesen perturbar a actividade dos restantes ocupantes.
 - De forma xeral, os cesionarios dos espazos non deben en forma ningunha perturbar o ambiente do Viveiro de Empresas mediante ruídos, vibracións, cheiros ou temperaturas ou calquera outra causa que poida afectar a producir molestias ás restantes persoas ocupantes.

Igualmente, quedarán excluídas:

- Empresas non viables técnica e/ou economicamente.
Características técnicas do proxecto, produto ou servizo:

- Describa brevemente cales son as liñas do produto ou servizo que se ofrecen así coma as necesidades que se pretende cubrir.
- Prezo (descrición de prezos de mercado, marxe de beneficios, política respecto da competencia, etc.).
- Distribución (breve descripcón de como se comercializa o produto ou servizo: canles de distribución, intermediarios, etc.).

DATOS ECONÓMICO-FINANCIEROS

Orzamento estimado de posta en marcha

CONCEPTO	IMPORTE (en euros)
Gastos de constitución (notarías, rexistros, etc.)	
Equipamento informático	
Outro equipamento (*)	
Elementos de transporte	
Aplicacións informáticas (software)	
Propiedade industrial: patentes e marcas	
Publicidade e promoción	
Existencias iniciais (stocks)	
Tesourería inicial	
Taxas e impostos	
Outros gastos (**)	
TOTAL	

(*) Indique cal

(**) Indique cales

Plan de financiación previsto

RECURSOS	IMPORTE (en euros)						
RECURSOS PROPIOS							
<table> <tr> <td>Aportacións propias dinerarias</td><td></td></tr> <tr> <td>Aportacións propias non dinerarias</td><td></td></tr> <tr> <td>TOTAL RECURSOS PROPIOS</td><td></td></tr> </table>	Aportacións propias dinerarias		Aportacións propias non dinerarias		TOTAL RECURSOS PROPIOS		
Aportacións propias dinerarias							
Aportacións propias non dinerarias							
TOTAL RECURSOS PROPIOS							
RECURSOS ALLEOS							
<table> <tr> <td>Subvencións</td><td></td></tr> <tr> <td>Préstamos/créditos</td><td></td></tr> <tr> <td>TOTAL RECURSOS ALLEOS</td><td></td></tr> </table>	Subvencións		Préstamos/créditos		TOTAL RECURSOS ALLEOS		
Subvencións							
Préstamos/créditos							
TOTAL RECURSOS ALLEOS							
TOTAL RECURSOS							

Descrición das subvencións: organismo, tipo de axuda, situación actual da concesión da subvención (solicitada, aprobada e pendente, aprobada e aboada, etc.).

Descrición das condicións financeiras da financiación allea: prazos de amortización, tipos de interese, situación do estado actual de concesión do préstamo (solicitado, aprobado, etc.).

Previsión de ingresos e gastos (primeiro ano)

GASTOS E INGRESOS ESTIMADOS	IMPORTE (en euros)
GASTOS	
Equipamento e inversións	
Persoal (soldos e salarios)	
Gastos xerais	
Outros gastos	
TOTAL GASTOS (A)	
INGRESOS	
Ingresos ordinarios de explotación	
Ingresos extraordinarios	
TOTAL INGRESOS (B)	
BENEFICIO / PERDA (B-A)	

Sinatura da persoa promotora

ANEXO III - ANÁLISE DO PROXECTO EMPRESARIAL

Análise do proxecto empresarial estruturado nos seguintes apartados:

1.- IDENTIFICACIÓN

1.1.- Identificación do promotor

1.2.- Identificación da empresa

1.3.- Avaliación do perfil do promotor

1.4.- Conclusións

2.- AVALIACIÓN DO POSICIONAMENTO COMPETITIVO

2.1.- Produtos ou servizos. Definición do negocio

2.2.- Avaliación do mercado potencial

2.3.- Avaliación da política comercial definida polo promotor

2.4.- Conclusións

3.- AVALIACIÓN DA ÁREA DE PRODUCCIÓN

3.1.- Avaliación da situación actual definida polo promotor

3.2.- Conclusións

4.- AVALIACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

4.1.- Persoal (inclúe aos/ás promotores) definida polo promotor

4.2.- Conclusións

5.- AVALIACIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

5.1.- Situación económica

5.2.- Situación financeira

5.3.- Conclusións

6.- AVALIACIÓN FINAL**7.- PROPOSTA AO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

ANEXO IV – AVALIACIÓN FINAL

Avaliación Técnica do Plan de Negocio (Resumen de puntuacións valoradas de 1 a 5) ÁREAS

PUNTUACIÓN

Perfil da persoa promotora

Posicionamento competitivo

Organización da área de produción

Organización dos recursos humanos

Viabilidade económico-financeira

TOTAL (Media)

// Proxecto inmaduro/Alto risco

// Proxecto medianamente maduro/Alto risco

// Proxecto medianamente maduro/Risco medio

// Proxecto maduro/Risco medio

// Proxecto moi maduro/Risco medio

CONCLUSIÓN FINAL: VIABLE ☐ INVIABLE ☐ ”

Outeiro de Rei, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3059

Anuncio

ORDENANZA REGULADORA DE PREZO PÚBLICO
Ordenanza reguladora do prezo público polo uso dos espazos e servizos do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2025, acordou por unanimidade aprobar a proposta de Ordenanza reguladora de prezo público polo uso dos espazos e servizos do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei, que se publica de forma íntegra, aos efectos da súa entrada en vigor.

“ORDENANZA REGULADORA DE PREZO PÚBLICO

Ordenanza reguladora do prezo público polo uso dos espazos e servizos do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polo artigo 142 da Constitución, de conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos do Real Decreto Lexislativo de 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Outeiro de Rei na súa calidade de Administración Pública territorial, establecece o prezo público polo uso dos servizos do Viveiro de Empresas de Outeiro de Rei.

Artigo 2. Feito imponible

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen a contraprestación económica pola prestación do servizo por ocupación dos espazos físicos destinados a iniciativas empresariais e uso de espazos e equipamentos comúns no Viveiro de Empresas de Outeiro de Rei.

Artigo 3. Obrigación do pago

Están obrigadas ao pago do prezo público establecido nesta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas usuarias e beneficiarias, logo da correspondente adxudicación, das instalacións do viveiro de empresas de Outeiro de Rei a partir da finalización do período de exención indicado no seguinte artigo (artigo núm. 4), agás disposición expresa en contrario.

Artigo 4. Tarifas

As tarifas estruturaranse do seguinte xeito:

Ano de ocupación	Tarifa mensual (€/m²)	Observación
1º ano	0,00	1º ano exento de pago por lanzamento da actividade*
2º ano	1,00	Aplicable con IVE**
3º e 4º ano	1,50	Aplicable con IVE**
Do 5º ao 8º ano (no caso de nova autorización de concesión)	2,00	Aplicable con IVE **

*O primeiro ano, exento de pago, computarase desde a data efectiva de ocupación do espazo adxudicado.

** Ao importe das tarifas aplicaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) vixente.

Artigo 5. Normas de xestión

5.1. A obrigación de pago do prezo público nace o primeiro día de cada mes de prestación do servizo, entendendo para estes efectos, que o servizo comeza a prestarse coa firma da acta de entrega das instalacións, e cesa co abandono efectivo das mesmas. Dado que o primeiro ano de ocupación está exento de pago, a primeira liquidación que se practique incluírá o mes ou a parte parte proporcional do mesmo (se non coincide co día 1) dende o día seguinte ao remate do período exento (1º ano), prorrateándose de ser o caso.

Anuncio publicado en: Num BOP 257 año 2025 (08/11/2025 08:00:00)

As liquidacións practícaranse por meses naturais. En caso de que o inicio da ocupación, ou de cese na prestación do servizo, non coincida co día 1 do mes, o importe prorratearase segundo os días naturais efectivos, considerando meses de 30 días naturais. 5.2. O prezo público xestionarase mediante liquidación mensual realizada polo Concello. Esta practícarase por meses anticipados, efectuándose a cobranza dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes, sen que sexa necesario para iso a práctica de ningunha notificación de previo aviso.

A tal fin, e para acadar un eficaz funcionamento da xestión destes prezos públicos, as persoas usuarias deberán facilitar certificado do número de conta bancaria para a domiciliación obrigatoria dos pagos (que se realizarán mensualmente, excepto durante o ano de exención).

5.3. As débedas que non se fagan efectivas dentro dos prazos de pago establecidos na Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei, esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

5.4. Procederá a devolución dos prezos públicos satisfeitos cando non se puidera prestar o servizo por causas imputables ao Concello.

Baixas:

- A solicitude de baixa do espazo adxudicado e das obrigas inherentes, deberá presentarse cunha antelación mínima de 3 meses e en todo caso, polo menos un mes antes da data de cesamento da actividade.
- A falta de comunicación determinará a obriga de seguir aboando o prezo público, *mesmo no caso de non haber uso efectivo do espazo*, salvo causa de forza maior debidamente acreditada.

Artigo 6. Infraccións e sancións

En todo o relativo á falta de pago e sancións aplicarase o disposto na lexislación vixente e o establecido na Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas do Concello de Outeiro de Rei.

Disposición final

Primeira.- A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa".

Outeiro de Rei, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3064

PANTÓN

Anuncio

Na sesión ordinaria celebrada o día 29.10.2025 o Pleno acordou aprobar o Plan de Medidas Antifraude do Concello de Pantón, co contido que se recolle a seguir, que será de aplicación a todos os órganos e a todo o persoal que interveña na xestión de fondos que proveñan do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), e que ten como obxectivo establecer os principios e as normas que serán de aplicación e observancia en materia antifraude e anticorrupción, a fin de evitar os conflitos de intereses en relación cos fondos que proveñen do MRR.

PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE PANTON

1. PREÁMBULO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa "Next Generation EU", o maior instrumento de estímulo económico xamais financiado pola Unión Europea, en resposta á crise sen precedentes causada polo coronavirus.

O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), establecido a través do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, constitúe o núcleo do Fondo de Recuperación, a súa finalidade é apoiar a inversión e as reformas nos Estados Membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

O MRR ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados Membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19, e apoiar as transicións ecolóxica e dixital. Todos eles van dirixidos a restaurar o potencial de crecemento das economías da UE, fomentar a creación de emprego trala crise e promover o crecemento sostible.

Para alcanzar eses obxectivos, cada Estado Membro debe deseñar un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia que inclúa as reformas e os proxectos de inversión necesarios para alcanzar eses obxectivos.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español (en diante PRTR) ten catro eixos transversais que se vertebran en 10 políticas palanca dentro das cales se recollen trinta compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Estes catro eixos son:

- A transición ecolóxica.
- A transformación dixital.
- A cohesión social e territorial.
- A igualdade de xénero.

Para facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR, as Administracións Públicas deben adaptar os procedementos de xestión e o modelo de control. Algunhas medidas de axilización establecéronse mediante o Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ademais, é necesaria a configuración e desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite a transmisión eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea. Para iso aprobouse a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 234 de 30 de setembro de 2021).

Entre as súas previsións destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigacións que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, de 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PTR deba dispor dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

A estes efectos, e como entidade executora, esta Entidade Local aproba o Plan de Medidas Antifraude cuxo contido figura a continuación.

2. OBXECTIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O presente Plan de Medidas Antifraude ten como obxectivo establecer os principios e as normas que serán de aplicación e observancia en materia antifraude, anticorrupción e a fin de evitar os conflitos de intereses en relación cos fondos procedentes do MRR.

Para iso, promoverase unha cultura que exerza un efecto disuasorio para calquera tipo de actividade fraudulenta, facendo posible a súa prevención e detección, e desenvolvendo uns procedementos que faciliten a investigación do fraude e dos delitos relacionados co mesmo, que permitan garantir que tales casos se abordan de forma axeitada e no momento preciso.

Este plan estrutúrase en torno aos catro elementos clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación a todos os órganos e a todo o persoal que interveña na xestión de fondos procedentes do MRR.

3. DEFINICIÓNS.

De conformidade coa Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión (Directiva PIF), e no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE), a definición de fraude efectúase no marco da seguinte sistematización:

3.1. Fraude.

3.1.1. En materia de gastos non relacionados cos contratos públicos enténdese por fraude calquera acción ou omisión intencionada relativa:

- A utilización ou á presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a percepción ou retención indebida de fondos ou activos procedentes do orzamento xeral da Unión Europea ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome.
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial.

3.1.2. En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, cando se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, calquera acción ou omisión relativa a:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome.
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido deses fondos ou activos (desvío de fondos) para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión.

3.1.3. En materia de ingresos, calquera acción ou omisión intencionada relativa a:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a diminución ilegal dos recursos do orzamento da Unión ou dos orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome.
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- O uso indebido dun beneficio obtido legalmente, co mesmo efecto.

3.2. Corrupción activa.

Aos efectos do presente Plan enténdese por corrupción activa a acción de toda persoa que prometa, ofrezca ou conceda, directamente ou a través dun intermediario, unha vantaxe de calquera tipo ao persoal funcionario, para el ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión.

3.3. Corrupción pasiva.

Aos efectos do presente Plan enténdese por corrupción pasiva a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para el ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea.

3.4. Conflito de intereses.

De conformidade co disposto no artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro), aos efectos deste Plan existirá Conflito de intereses, "cando os axentes financeiros e demais persoas que participan na execución do orzamento tanto de forma directa, indirecta e compartida, así como na xestión, incluídos os actos preparatorios, a auditoría ou o control, vexan comprometido o exercicio imparcial e obxectivo das súas funcións por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal".

Atendendo á situación que motivaría o conflito de intereses, pode distinguirse entre:

- Conflito de intereses aparente: prodúcese cando os intereses privados dun empregado público ou beneficiario son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obrigacións, pero finalmente non se encontra un vínculo identificable e individual con aspectos concretos da conduta, o comportamento ou as relacións da persoa (ou unha repercusión en ditos aspectos).
- Conflito de intereses potencial: xurde cando un empregado público ou beneficiario ten intereses privados de tal natureza, que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tiveran que asumir nun futuro determinadas responsabilidades oficiais.
- Conflito de intereses real: implica un conflito entre o deber público e os intereses privados dun empregado público ou no que o empregado público ten intereses persoais que poden influír de maneira indebida no desempeño dos seus deberes e responsabilidades oficiais. No caso dun beneficiario implicaría un conflito entre as obrigacións contraídas ao solicitar a axuda dos fondos e o seus intereses privados que poden influír de maneira indebida no desempeño das citadas obrigacións.

Posibles actores implicados no conflito de intereses:

- Os empregados públicos que realizan tarefas de xestión, control e pago e outros axentes nos que se delegarán algunha/s de esta/s función/s.
- Aqueles beneficiarios privados, socios, contratistas e subcontratistas, cuxas actuacións sexan financiadas con fondos, que poidan actuar a favor dos seus propios intereses, pero en contra dos intereses financeiros da UE, no marco dun conflito de intereses.

3.5 Irregularidade.

Aos efectos do presente Plan e de conformidade co disposto no artigo 1.2 do Regulamento nº 2988/95, do Consello, de 18 de decembro de 1995, enténdese por irregularidade toda infracción dunha disposición do dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico, que teña ou tería por

efecto prexudicar o orzamento xeral da Unión Europea, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta da Unión Europea, ben mediante un gasto indebido. A intención é o factor que diferencia o fraude da irregularidade.

4. COMISIÓN ANTIFRAUDE.

4.1. Composición.

Créase a Comisión Antifraude como órgano encargado do seguimento e garantía do cumprimento do Plan, así como de examinar as denuncias e propoñer as medidas que procedan. A devandita Comisión estará integrada por:

- Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.
- Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e desenvolvemento local do Concello de Pantón.
- Dona Elena González López, Secretaría-Intervención do Concello de Pantón.

4.2. Funcións da Comisión.

A Comisión Antifraude asígnanselle as seguintes funcións:

- Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar os posibles fraudes.
- Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir e perseguir os intentos de fraude.
- Concienciar ao resto de persoal municipal.
- Abrir un expediente informativo ante calquera sospeita de fraude, solicitando canta información se entenda pertinente ás unidades involucradas na mesma, para a súa oportuna análise.
- Resolver os expedientes informativos incoados, ordenando o seu posible arquivo, no caso de que as sospeitas resulten infundadas, ou a adopción de medidas correctoras oportunas se chegase á conclusión de que a fraude realmente se produciu.
- Informar á Xunta de Goberno Local das conclusións alcanzadas nos expedientes incoados e, no seu caso, das medidas correctoras aplicadas.
- Subministrar a información necesaria ás entidades ou organismos encargados de velar pola recuperación dos importes indebidamente recibidos por parte dos beneficiarios, ou incoar as conseguíntes sancións en materia administrativa e/ou penal.
- Levar un rexistro das mostraxes realizadas, das incidencias detectadas e dos expedientes informativos incoados e resoltos.

4.3. Réxime de Reunións.

Con carácter ordinario a Comisión Antifraude deberá reunirse cunha periodicidade anual para coñecer dos asuntos que lle son propios.

Ademais destas reunións de carácter ordinario, poderá reunirse en calquera momento con carácter extraordinario, cando algún dos seus membros así o solicite a persoa encargada de realizar a convocatoria.

A convocatoria á mesma deberá ser realizada cunha antelación de 48 horas e á mesma deberá ir acompañada dunha orde do día dos asuntos a tratar.

De cada unha destas reunións elevarase a oportuna acta que deberá ser lida e aprobada por todos os membros da comisión na reunión seguinte á celebración da mesma.

Para todo o non regulado neste documento, o réxime do seu funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

5. AVALIACIÓN DE RISCOS.

De conformidade co que dispón o artigo 6.2 da Orde HFP/1030/2021 na súa referencia ao anexo II.B.5. para o deseño e elaboración do Plan de Medidas Antifraude realizouse pola Secretaría-Intervención do Concello unha autoavaliación para permitir identificar os riscos e debilidades en relación coas condutas fraudulentas, recolléndose os resultados obtidos no Anexo I.

Adicionalmente, unha vez aprobado o Plan, a Comisión Antifraude, na primeira sesión que celebre, será a encargada de realizar a elaboración dun mapa de riscos máis amplo, que sirva como ferramenta de prevención da fraude así como medio para detectar posibles debilidades e ameazas, e que veña a complementar o estándar mínimo establecido na devandita Orde. Nela recolleranse os posibles riscos como escenarios potenciais de fraude sendo valorados en función do seu impacto e probabilidade e categorizándolos en función do seu nivel (baixo, moderado ou elevado) ademais, de definir as accións a

implementar, respecto de cada un dos riscos de fraude identificados, realizándose conforme a ferramenta de avaliación de riscos que figura no anexo II.

A Comisión Antifraude realizará unha vez ao ano, as futuras avaliacións de riscos así como actualizar as medidas de vixilancia e control precisas para garantir a súa eficacia, se ben poderá esixirse con periodicidade inferior ante circunstancias que así o aconsellen como poden ser os cambios normativos ou organizativos, a aparición de circunstancias novas ou a detección de puntos débiles ante a fraude.

6. MEDIDAS PARA A LOITA CONTRA A FRAUDE.

O Concello de Pantón, unha vez realizada a autoavaliación inicial de risco de fraude, articula unha serie de medidas e procedementos estruturados en torno aos catro elementos clave do ciclo de loita contra a fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

6.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

- Cuestionario de autoavaliación.

Realización dun cuestionario de autoavaliación relativo ao estándar mínimo desenvolvido con arranxo ao anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021 (Anexo I).

- Implicación das autoridades do Concello de Pantón.

As autoridades manifestarán o seu compromiso firme contra a fraude e tolerancia cero contra a mesma. Por elo, considérase necesario manifestar e difundir ao máximo a postura antifraude da entidade, e para elo o Concello de Pantón subscribirá unha declaración institucional antifraude baseada nos valores de integridade, obxectividade, rendición de contas e honradez.

O contido da declaración institucional inclúese no Anexo III.

Esta declaración institucional publicarase na páxina web do concello para o seu xeral coñecemento.

- Mecanismos para a avaliación do risco de fraude.

Tal e como se reflicte no apartado 5, a o Concello de Pantón ten establecido un mecanismo adecuado de avaliación do risco para todas as medidas xestionadas, deixando evidencia do mesmo, en busca das partes do proceso máis susceptibles de sufrir fraude e controlalas especialmente.

- Código de conduta.

O Concello de Pantón subscribe un código de conduta e principios éticos que deberán cumprir todos os empregados públicos. Este código establece o comportamento esperado ante posibles circunstancias que puideran dar lugar a fraude e os seus principios baséanse nos seguintes compromisos de conduta:

- Cumprimento rigoroso da lexislación aplicable.
- Uso axeitado dos recursos públicos
- Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.
- Transparencia e bo uso da información.
- Trato imparcial e non discriminatorio a beneficiarios
- Salvagarda da reputación do concello na xestión de fondos.

O código de conduta dos empregados públicos inclúese no Anexo IV.

Este código ético publicarase na páxina web do concello para o seu xeral coñecemento.

- Medidas relativas á prevención, detección e xestión do posible conflito de intereses.

Estas medidas recóllense no apartado 7 deste Plan. Nel dáse información ao persoal sobre as distintas modalidades de conflito de intereses, as formas de evitalo e a normativa vixente en relación con esta materia e recóllese o procedemento para seguir no caso de que se detecte un posible conflito de intereses.

- Cruzamento de datos con outros organismo públicos ou privados.

Análise de datos. Dentro dos límites relativos á protección de datos, realizarase un cruzamento de datos con outros organismos públicos ou privados que permitan detectar posibles situacións de alto risco, mesmo antes da concesión dos fondos. Uso de bases de datos de rexistros mercantís, da Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP), Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), bases de datos de puntuación de riscos (ARACHNE), Rexistros e Bases internas.

6.2. MEDIDAS DE DETECCIÓN.

- Uso de bases de datos.

Toda a documentación (incluída a declaración de ausencia de conflito de intereses) poderá ser verificada con:

- Información externa (por exemplo, información sobre un potencial conflito de intereses proporcionada por persoas alleas á organización que non teñen relación coa situación que xerou o conflito de intereses).
- Comprobacións realizadas sobre determinadas situacións cun alto risco de conflito de intereses, baseadas na análise de riscos interno ou bandeiras vermellas (véxase a letra B deste apartado).
- Controis aleatorios a través das bases de datos na letra F do apartado anterior.

- Bandeiras vermellas.

É necesario asegurar que os procedementos de control focalicen a atención sobre os puntos principais de risco de fraude e o seus posibles fitos ou marcadores. A simple existencia deste control serve como elemento disuasorio á perpetración de fraudes.

Nesta liña de busca de indicios de fraude, a Comisión Europea elaborou un catálogo de signos ou marcadores de risco, denominados “bandeiras vermellas”. Este catálogo será utilizado no concello, recolléndose no Anexo V as máis utilizadas. Trátase de indicadores de aviso de que puidera estar ocorrendo unha actividade fraudulenta.

Nos procedementos que se tramiten para a execución de actuacións do PRTR, no exercicio da función de control da xestión, deberá quedar documentada unha lista de comprobación das bandeiras vermellas definidas. Esta lista pasarase nas diferentes fases do procedemento, de maneira que se cubran todos os indicadores de posible fraude ou corrupción definidos pola organización (por iso é posible que algún indicador non aplique nalgunha das fases, pero si noutras).

- Procedemento para a súa aplicación efectiva.

En caso de detección dunha posible fraude, ou a súa sospeita fundada, o empregado público deberá poñelo en coñecemento da Comisión Antifraude que o estudará e, no seu caso, poderá:

- Propoñer a suspensión inmediata do procedemento e a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e revisar todos aqueles proxectos, subproxectos ou liñas de acción que poidan estar expostos ao mesmo.
- Propoñer a comunicación dos feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria, ou á entidade executora que lle encomendou a execución das actuacións, nese caso será esta a que llos comunicará á entidade decisoria, quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de cara ao seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.
- Propoñer a denuncia dos feitos, si fose o caso, ás Autoridades Públicas competentes, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.
- Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou propoñer a incoación dun expediente disciplinario, no seu caso.
- Propoñer a denuncia os feitos, no seu caso, ante o Ministerio Fiscal cando fose procedente, a efectos da depuración das responsabilidades que, na orde penal, puidésemos deducir.

- Caixa de denuncias.

Habilitarase un procedemento para a denuncia de irregularidades a través da páxina web do concello, mediante a publicación, para xeral coñecemento, da existencia da canle de denuncias externo habilitado polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) (Infofraude), para a comunicación de información sobre fraudes ou irregularidades que afecten a fondos europeos, o cal dispón dun apartado específico relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, tendo en conta o disposto na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

As ligazóns son as seguintes:

- <https://planderecuperacion.gob.es/buzon-antifraude-canal-de-denuncias-del-mecanismo-para-la-recuperacion-y-resiliencia>
- <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

Todo elo sen prexuízo de que, de ser o caso e en atención aos medios dos que dispoña o concello, poida habilitarse un canle propio para a denuncia de irregularidades e posibles fraudes, casos de corrupción ou conflitos de intereses, que se articularía a través da páxina web do concello.

En calquera caso, través desta canle de denuncia aberta, calquera persoa poderá notificar as sospeitas de fraude e as presuntas irregularidades que, a ese respecto, poida haber detectado, e informáraselle de que:

- A denuncia será tida en conta e seranlles comunicados os resultados das xestións realizadas.
- Respectarase a confidencialidade e a protección de datos persoais.

□ Non sufrirán represalia algunha, nin serán sancionados no caso de que se trate de empregados públicos.

6.3. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.

Corrección.

Ante calquera sospeita de fraude corresponderá actuar á Comisión Antifraude a fin de recadar toda a información necesaria que permita determinar se efectivamente esta se produciu. A aparición de varios dos indicadores denominados “bandeiras vermellas” será un dos principais criterios para determinar a existencia de fraude.

A detección de posible fraude, ou a súa sospeita fundada, traerá a inmediata suspensión do procedemento, a notificación de tal circunstancia no máis breve prazo posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións e a revisión de todos aqueles proxectos que puideran ter estado exposto ao mesmo.

No caso de que se detecten irregularidades sistémicas, adoptaranse as seguintes medidas:

- Revisar a totalidade dos expedientes incluídos nesas operacións e/ou de natureza económica análoga.
- Retirar a financiación comunitaria de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.
- Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para corrixir a debilidade detectada, de forma que as incidencias atopadas non volvan a repetirse.
- Revisar o sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencia nas fases iniciais de verificación.

Persecución.

A maior brevidade posible, a Comisión Antifraude procederá a:

- Comunicar os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria (ou á entidade executora que lle encomendara a execución das actuacións, en cuxo caso será esta a que llos comunicará á entidade decisoria), quen comunicará o asunto á Autoridade Responsable, a cal poderá solicitar a información adicional que considere oportuna de cara ao seu seguimento e comunicación á Autoridade de Control.
- Denunciar, se fose o caso, os feitos punibles ás Autoridades Públicas competentes (Servicio Nacional de Coordinación Antifraude -SNCA-) e para a súa valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.
- Iniciar unha información reservada para depurar responsabilidades ou incoar un expediente disciplinario.
- Denunciar os feitos ante a fiscalía e os tribunais competentes, nos casos oportunos.

7. MEDIDAS PARA AFRONTAR CONFLITOS DE INTERESES.

7.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

Entre as medidas establecidas pola Entidade local para previr a existencia de conflitos de intereses atópanse as seguintes:

- Información aos empregados públicos.

Comunicación e información a todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste Plan sobre as distintas modalidades de conflito de intereses e das formas de evitalo así como da aprobación dun Plan de Medidas Antifraude.

- Declaración de ausencia de conflito de intereses.

Establécese a obrigação de cumprimentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para todos aqueles que interveñan nos procedementos financiados con cargo ao MRR: responsables do órgano de contratación/concesión de subvencións; persoal integrante das mesas de contratación; persoal que redacte os documentos de licitación/bases e/ou convocatorias; as e os expertos que avalíen as solicitudes/ofertas/propostas; os membros dos comités de avaliación de solicitudes/ofertas/propostas e demais órganos colexiados do procedemento.

En caso de órganos colexiados, a devandita declaración pode realizarse ao inicio da correspondente reunión por todos os integrantes na mesma e reflexándose na acta.

Igualmente, a obrigatoriedade de cumprimento da DACI estenderase tamén, ademais dos beneficiarios das axudas correspondentes, aos contratistas, subcontratistas, etc.

No caso do contratista, deberá presentar a declaración no mesmo momento da formalización do contrato.

Os documentos que recollan as Declaracións de Ausencia de Conflito de Intereses realizadas polos intervinientes nos procedementos, ben as asinadas, ben as manifestadas nas reunións dos órganos

colexiados e recollidas nas actas, deberán quedar incorporadas ao expediente de contratación ou de concesión de axudas, para conservar unha adecuada pista de auditoría.

Ao completar a DACI deberase observar a estrita aplicación do artigo 53 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público relativo aos principios éticos, o artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo á abstención e a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O modelo DACI inclúese no anexo VI distinguindo un modelo para os empregados públicos (Anexo VI-I) e outro modelo para os adxudicatarios ou beneficiarios de axudas (Anexo VI-II).

- Comprobación de información.

Comprobación de información a través de bases de datos dos rexistros mercantís, de organismos nacionais e da UE, de expedientes dos empregados públicos (tendo en conta as normas de protección de datos) ou a través da utilización de ferramentas de prospección de datos propias ("data mining") ou de puntuación de riscos (ARACHNE).

- Aplicación da normativa.

Aplicación estrita da normativa interna e do art. 53 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, relativo aos principios éticos e, en particular, o Capítulo V, "Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta", do Título III, o art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo á abstención e a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

7.2. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.

- Procedemento para abordar conflitos de intereses.

No caso de sospeitas fundadas da existencia dun conflito de intereses, comunicaranse ao superior xerárquico que procederá a levar a cabo os controis e investigacións necesarios.

Se os controis non corroboran a información, procederase a pechar o caso. Se os resultados dos controis confirman a información inicial, e o conflito de intereses é de tipo administrativo, o superior xerárquico poderá:

- Adoptar as sancións disciplinarias e as medidas administrativas que procedan contra o funcionario implicado; en particular aplicáse de maneira estrita o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo á recusación.
- Cancelar o contrato/acto afectado polo conflito de intereses e repetir a parte do procedemento en cuestión.
- Facer público o ocorrido para garantir a transparencia das decisións e, como elemento disuasorio, para impedir que volvan producirse situacións similares, de acordo coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

No caso de que o conflito de intereses sexa de natureza penal, o superior xerárquico deberá, ademais de adoptar as medidas anteriores, comunicar os feitos ao Ministerio fiscal a fin de que este adopte as medidas pertinentes.

8. SEGUIMIENTO E CONTROL PERIÓDICO DO PLAN.

O Concello de Pantón fará un seguimento e avaliación anual do Plan de Medidas Antifraude co obxectivo de mantelo actualizado e acorde ás directrices nacionais e europeas, así como para garantir o cumprimento a efectos regulatorios e prácticos, e identificar aspectos de mellora.

No caso de que se detecte algún risco, efectuarase un seguimento das medidas incluídas no Plan. Así mesmo, no caso de que se materialice un acto contrario á integridade, de fraude ou de corrupción, a organización debe analizar os feitos ocorridos e determinar as modificacións necesarias a realizarse nas estruturas e procesos de control.

Tanto no caso de cambios na normativa aplicable, como na detección de supostos incumprimentos ou casos de fraude ou corrupción manifestos, será indicativo da necesidade da actualización do plan.

No devandito caso, a Comisión Antifraude propondrá, a revisión e adaptación á realidade a través de melloras no Plan que garantan a transparencia e minimicen os riscos de fraude.

Pantón, 3 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

ANEXO I: RESULTADO DA AVALIACIÓN DE RISCO

Esta autoevaluación configúrase no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia como unha actuación obrigatoria para o órgano xestor.

O Anexo II.B.5 da Orde HFP/1030/2021 inclúe un cuestionario de autoevaluación relativo ao estándar mínimo:

Pregunta	Grao de cumprimento			
	4	3	2	1
1. Dispónse dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita á entidade executora ou á entidade decisoria garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses?				X
2. Constátase a existencia do correspondente «Plan de medidas antifraude» en todos os niveis de execución?				X
Prevención				
3. Dispón dunha declaración, ao máis alto nivel, onde se comprometa a loitar contra a fraude?				X
4. Realízase unha autoavaliación que identifique os riscos específicos, o seu impacto e a probabilidade de que ocorran e se revisa periodicamente?				X
5. Difúndese un código ético e infórmase sobre a política de obsequios?				X
6. Impártese formación que promova a Ética Pública e que facilite a detección da fraude?				X
7. Elaborouse un procedemento para tratar os conflitos de intereses				X
8. Cumpríméntase unha declaración de ausencia de conflito de intereses por todos os intervinientes?				X
Detección				
9. Definíronse indicadores de fraude ou sinais de alerta (bandeiras vermellas) e comunicáronse ao persoal en posición de detectalos?				X
10. Utilízanse ferramentas de prospección de datos ou de puntuación de riscos?				X
11. Existe algunha canle para que calquera interesado poida presentar denuncias?				X
12. Dispónse dalgunha Unidade encargada de examinar as denuncias e propor medidas?				X
Corrección				
13. Avaliáase a incidencia da fraude e cualifícase como sistémico ou puntual?				X
14. Retíranse os proxectos ou a parte dos mesmos afectados a fraude e financiados ou a financiar polo MRR?				X
Persecución				
15. Comunícanse os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade executora, á entidade decisoria ou á Autoridade Responsable, segundo proceda?				X
16. Denúncianse, nos casos oportunos, os feitos punibles ás Autoridades Públicas nacionais ou da Unión Europea ou ante a fiscalía e os tribunais competentes?				X

	Grao de cumprimento			
	4	3	2	1
Subtotal puntos				16
Puntos totais	16			
Puntos máximos	64			
Puntos relativos (puntos totais/puntos máximos)	0,25			

Nota: 4 equivale ao máximo cumprimento, 1 ao mínimo.

ANEXO II.- FERRAMENTA DE AVALIACIÓN DE RISCOS.

Se consideran factores de risco as situacións ou circunstancias que incrementan a probabilidade de que se produzan incumprimentos (operativos, normativos, éticos, falta de fiabilidade da información) ou prácticas de fraude, propiamente ditas, no seo da organización, tales como:

Factores de risco externos:

- Debilidades no marco normativo necesario para fortalecer a integridade e a loita contra a fraude
- Cambios reguladores importantes
- Cambios nos altos cargos da organización

Factores de risco internos ou institucionais:

- Ausencia dunha política adecuada que promova a transparencia e o comportamento ético
- Inadecuación ou debilidade dos mecanismos internos de supervisión
- Ausencia de sistemas de alerta para o caso de que se produzan irregularidades
- Actividades con alto grao de discrecionalidade
- Procesos pouco informatizados

Factores de risco individuais:

- Relacións inadecuadas cos provedores/operadores
